

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 1º BACHARELATO

2024-25

Os criterios de cualificación para cada avaliación serán os seguintes:

Exposición oral planificada: 15%
Proba escrita sobre o libro de lectura: 10%
Traballo escrito: 5%
Exame: 70%

Os traballos serán avaliados mediante rúbricas ou escalas de valoración que se lle darán a coñecer ao alumnado antes da súa realización. En todos os exames figurará a puntuación de cada pregunta.

Os libros de lectura obrigatoria serán os seguintes:

-1ª avaliación: Leticia Costas: *Golpes de luz*, Xerais

-2ª avaliación: Antía Yáñez: *Senlleiras*, Galaxia

-3ª avaliación: Domingo Villar: *Ollos de auga*, Galaxia

Libro de lectura voluntaria: o alumnado terá a opción de ler un libro de lectura que poderá incrementar a nota final do curso ata 0.5 puntos. Esta lectura ten que estar realizada antes do 30 de abril.

Das cualificacións dos traballos e probas escritas e mais dos exames restarase ata 2 puntos por erros ortográficos, morfosintácticos ou léxicos; os erros moi graves (non uso de maiúsculas, pronomes mal colocados, emprego de tempos compostos ou uso de J ou Y) descontarán 0,1 cada un e o resto 0,1 cada 2 erros. Os erros repetidos só se descontarán unha vez. Tamén se poderá descontar ata 0,5 puntos por deficiencias na presentación dos escritos (ausencia de marxes, caligrafía ilexible ou abundancia de borranchos ou riscos).

Se un alumno ou alumna copiase durante a realización dunha proba, anularíase a pregunta copiada ou a totalidade da proba, segundo corresponda.

O alumnado que non se presente a algunha das probas programadas poderá realizala noutra data sempre e cando a ausencia estea debidamente xustificada.

A **nota de cada avaliación** calcularase sumando os distintos elementos avaliados, debidamente ponderados.

A **nota final** calcularase mediante a media aritmética das tres avaliacións sen redondeo. Considerarase que superou a materia o alumnado que obteña unha nota media no curso de 4,5 puntos ou superior.

Recuperacións

O alumnado que non chegue ao aprobado (inferior ao 4,5) deberá recuperar as partes suspensas ao inicio do seguinte trimestre para a 1ª e 2ª e antes da avaliación final no caso da 3ª. Efectuaranse dous tipos de probas de recuperación: unha proba oral para a parte do libro de lectura e outra escrita que incluírá todos os contidos traballados no trimestre. A nota da avaliación que haxa que recuperar obterase, segundo os casos, do seguinte xeito: 15% da lectura (mantense a nota obtida na avaliación no caso de que estea aprobada)+ 85% proba escrita de recuperación.

Neste suposto, a súa nota final calcularase novamente mediante a media aritmética das tres avaliacións sen redondeo, pero incorporando as novas cualificacións obtidas despois das recuperacións cando corresponda.

No período de xuño que transcorre entre a avaliación final ordinaria e a extraordinaria procederase do seguinte xeito:

-o alumnado aprobado realizará tarefas de reforzo e ampliación encamiñadas á preparación de 2º de bacharelato, se ben a súa nota non poderá ser modificada.

-o alumnado suspenso realizará actividades de apoio e recuperación para axudarlle na preparación da proba extraordinaria de todos os contidos que terá que facer no día de xuño fixado oficialmente pola Xefatura de estudos. A cualificación neste caso será unicamente a nota obtida nesa proba.